

MUVI.

MUSEO
DO VIDEOXOGO

Recursos:

URL Short YT: <https://youtube.com/shorts/BlnOqOqk0I>


URL IMAXES:

<https://drive.google.com/drive/folders/1U6ep7sDelGpRtPynHEyyLwx2LWW43RKi>

O MUSEO DO VIDEOXOGO EN CANGAS ESTREA HORARIO E MÁIS NOVIDADES ESTE VERÁN

A Fundación Museo do Videoxogo de Galicia anuncia a entrada en vigor do **novo horario de verán do MUVI**, que permitirá ao público gozar dunha experiencia máis flexible e adaptada ao lecer estival. **A partir do 19 de xullo** o Museo abrirá as súas portas **todos os sábados en horario de mañá e de tarde, de 11:30 a 14:00 e de 17:00 a 21:00**.

A decisión responde á vontade da Fundación de continuar mellorando a accesibilidade do Museo, ofrecendo así máis oportunidades para a visita tanto da veciñanza como das persoas que escollan Cangas do Morrazo como destino turístico.



PROMOCIÓN ESPECIAL DE VERÁN

Entre o 19 de xullo e o 31 de agosto o MUVI ofrecerá unha **promoción exclusiva para os visitantes que acudan pola mañá**: recibirán un **bono desconto do 50% para realizar unha segunda visita** ao longo do verán, que poderá efectuarse tanto pola mañá como pola tarde.

MÁIS TEMPO, MÁIS ACCESIBILIDADE, MÁIS CONTIDOS

MUVI.

MUSEO
DO VIDEOXOGO

Xunto co horario e a promoción estivals, o MUVI tamén anuncia un novo **desconto de 2€ na entrada para persoas que presenten o certificado de discapacidade**, reforzando o seu compromiso coa accesibilidade. Ademais, os visitantes poderán gozar dunha **mellora nos contidos** grazas á incorporación de novos materiais que amplían a exposición, enriquecendo a experiencia xeral.

Estas accións son posibles grazas á **colaboración do Sistema Galego de Centros Museísticos**, cuxo apoio permite que o MUVI continúe a medrar como proxecto cultural aberto, inclusivo e en constante evolución, un obxectivo ao que tamén contribúen activamente a Fundación INTEGRA para a discapacidade intelectual, o Concello de Cangas e outras entidades e empresas asociadas co Museo.

MODALIDADES DE VISITA

• ACCESO COMPLETO:

- 8€ por persoa e quenda (mañá ou tarde) con acceso inmediato interactivo.
- Áreas visitables: Exposición Principal + Videoxogo Galego + Habitación da Memoria + Espazo de Experimentación + Salón Arcade.
- Acceso preferente ás visitas guiadas das 13:00h, 17:00h, 18:00h, 19:00h e 20:00h.
- Admisión ata peche.

• ACCESO GRATUITO:

- Acceso ás visitas guiadas da tarde (17:00h, 18:00h, 19:00h e 20:00h) condicionado á existencia de prazas libres nos grupos.

